CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade.		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural .		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma diferentes fontes .		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	TI	48
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas .		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos...		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
 - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
 - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
 - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
 - Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
 - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto.
 - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
 - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
 - Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
 - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
 - Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
 - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
 - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.

Contidos

- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos

Contidos

- analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

4.1. Concrecións metodolóxicas

- A intervención metodolóxica se realizará con material específico e con UD adaptadas ás características dos alumnos según os resultados da avaliación inicial.
- Daranse as explicacións pertinentes e a continuación faranse actividades que serán supervisadas e corrixiadas polo profesor.
- Se plantea unha metodoloxía que posibilite o desenvolvemento das competencias lingüísticas a través de :
 - Maior participación dos alumnos no deseño das actividades ao comezo de cada UD partindo dos seus coñecementos previos a través das imaxes e preguntas xerais sobre o tema.
 - Presentación da UD.
 - Organización secuenciada e priorización dos contidos expostos de forma sinxela e con apoio visual e actividades para practicar e facilitar a comprensión progresiva do exposto. Actividades abertas para que cada alumno as desenvolva según as súas posibilidades.
- Actividades deseñadas cunha estrutura moi clara para favorecer o traballo autónomo do alumno.
- Actividades de conversa planificada onde os alumnos poidan expresar as opinións, as emocións, gustos ou dificultades en relación a o seu propio proceso de aprendizaxe.
- Actividades de busca de información utilizando distintas fontes fiables.
- Actividade de lectura en silencio ou en voz alta de textos literarios ou non literarios

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula con ordenador e pizarra dixital.
Aula virtual.
Libro de texto.
Páxinas web de interese.
Biblioteca do centro.

- O libro de texto , marcado polo Departamento de Lingua Castelá. servirá como ferramenta para a consulta teórica e a realización de exercicios .
- Na aula virtual incluírase material de consulta e actividades de ampliación e reforzo necesarias para o

desenvolvemento dos diferentes contidos da materia.

- Os enlaces a páxinas web de interese (espacio ABALAR, Biblioteca Virtual Cervantes, etc.) utilizaranse para a confección de traballos individuais o grupais e como fontes fidedignas de información.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O procedemento para obter datos que den conta das competencias adquiridas polos alumnos será o seguinte :

- Elaboración dunha redacción de tema libre . (O texto terá unha extensión mínima de quince liñas).
- Realización dunha proba escrita de ortografía . (Na actividade proposta inclúense palabras parónimas , interferencias co galego e palabras que son obxecto de erros habituais nas probas escritas dos alumnos).
- Lectura e resumo dun relato breve.
- Elaboración dun comentario sobre un texto sinxelo.
- Lectura en voz alta , respectando os signos de puntuación dun texto dado.

Os resultados destas probas levaranse a sesión da avaliación inicial para establecer as medidas de reforzo axeitadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	5	10	10	5	10	5	10	10
Proba escrita	59	56	65	56	42	50	40	45	44	47
Táboa de indicadores	41	44	35	44	58	50	60	55	56	53

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	100
Proba escrita	40	52	49
Táboa de indicadores	60	48	51

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación poñeranse en coñecemento do alumnado durante o mes de setembro a través da aula virtual de cada nivel educativo e das familias a través da publicación dun resumo da programación didáctica na web do centro, e consistirán en: Realizaranse polo menos dúas probas escritas por trimestre, que se cualificarán sobre

un máximo de 10 puntos cada unha. Nalgunha das dúas probas de cada trimestre incluírase unha pregunta sobre a lectura recomendada, que non terá unha cualificación maior de 2 puntos sobre 10.

Para a superación da materia será necesario alcanzar unha cualificación mínima de 4 en cada proba escrita. A cualificación final e as cualificacións trimestrais obedecerá estritamente á media aritmética resultado cada proba escrita. Non terá maior peso específico ningunha avaliación en particular.

Para alcanzar a máxima cualificación en cada proba escrita, cada resposta deberá vir acompañada da corrección lingüística propia de cada un dos niveis (léxico, morfolóxico, sintáctico e ortográfico), así como da presentación formal e claridade expositiva adecuadas.

Poderase incrementar a cualificación final obtida polo alumnado ata un máximo dun (1) punto coa valoración positiva que poda supoñer a realización durante cúrsoo das actividades marcadas na clase, a tarefas para facer na casa ou a participación nas correccións dos exercicios, escritos ou orais, durante os períodos lectivos.

As probas escritas que presenten faltas de ortografía, ausencia ou colocación indebida de acentos, erros gramaticais, imprecisións léxicas ou presentación deficiente, verán reducida a súa cualificación final en función do número e da gravidade das faltas cometidas, ata un máximo de 2 puntos sobre 10.

Como criterio xeral, cada falta de ortografía poderá ser penalizada en cada proba escrita cunha redución de 0.1 puntos e cun máximo de 2 puntos globais.

Se un alumno non se presenta aos exames do trimestre, deberá xustificalo debidamente cun informe médico asinado polos pais ou titores legais. Propoñeráselle o exame nunha data próxima no tempo na que non interrompa o normal desenvolvemento das clases.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO CON ACI

Os criterios de cualificación poñeranse en coñecemento do alumnado e das familias, a través de ABALAR e da aula virtual, durante o mes de setembro, e serán os mesmos que ten a materia para o curso no que estea matriculado o alumnado con ACI, seguindo o establecido na ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: a avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizarase por parte do profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que están matriculados os alumnos.

Criterios de recuperación:

Despois da 1ª e 2ª avaliacións farase un exame de recuperación, no cal o único instrumento de avaliación será o exame escrito. Dito exame será similar aos feitos durante o curso e será puntuado sobre 10.

Recuperará a avaliación o alumnado que saque unha nota igual ou superior a 4.50.

O alumnado que non aprobe ningunha avaliación terá a materia suspensa.

O alumnado que recupere polo menos unha das dúas primeiras avaliacións e aprobe a

terceira terá a materia aprobada.

O alumnado que recupere as dúas primeiras avaliacións e suspenda a terceira aprobará a materia se a media do curso é igual ou superior a 4.50.

Teranse en conta os contidos que figuren no currículo oficial para facer unha selección dos mínimos esixibles e confeccionar unha proba de recuperación da 1ª e 2ª avaliacións axustada a eles.

No caso do alumnado con NEAE, a proba estará axustada á ACI que se lle aplicou durante o curso e tamén dito exame será valorado sobre 10.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Tomaranse como referencia os contidos que figuren nos currículos oficiais de cada nivel educativo para facer unha selección dos mínimos esixibles e confeccionar, de ser o caso, unha proba escrita e/ou unha serie de actividades, boletíns ou caderniños para entregar en prazo, tras unha decisión colexiada do depto., axustada a eses contidos mínimos. Poñerase na aula virtual o material necesario para a preparación da proba ou das actividades, con tempo suficiente, e informarase ao alumnado implicado e ás familias a través dun informe.

No caso do alumnado NEAE, a proba estará axustada ademais á ACI que se lle aplicou durante o curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN - CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O alumno terá en todos os casos que realizar e entregar en prazo os caderniños de exercicios e probas de reforzo que, de ser o caso, se lle prantexen, como esquemas, cadros sinópticos e resumos baseados nos contidos da materia, de ser o caso, así como lecturas complementarias e traballos sobre as mesmas, independentemente de que se realice unha proba escrita axeitada ao nivel. Todo iso será avaliado polo profesorado que imparte a materia en cada curso e baixo a supervisión da xefatura do departamento.

Será necesario obter polo menos un 5 sobre 10 na proba escrita e a mesma cualificación nas actividades marcadas para a recuperación da materia, de ser o caso, para que a cualificación sexa positiva.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a

lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender sempre que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica dos conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento do espírito crítico, científico e da creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Comunicación audiovisual e competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Prevención e resolución pacífica dos conflitos.	X	X	X	X
ET.2 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X
ET.3 - Fomento do espírito crítico, científico e da creatividade.	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.5 - Comunicación audiovisual e competencia dixital.	X	X	X	X

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias. A materia de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concurso de microrrelatos.	Levarase a cabo un concurso de microrrelatos en colaboración con outros departamentos.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Levase a cabo a avaliación inicial ao principio do curso.

Metodoloxía empregada
Realízase unha coordinación ao inicio do curso entre os profesores dos grupos.
Propónse un plan de traballo para cada unidade.
Aproveitase o interese do alumnado por un tema determinado.
Establécense actividades de ampliación e reforzo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Explícase aos alumnos a finalidade, importancia e aplicación das aprendizaxes na vida cotiá.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

9. Outros apartados

1. A Programación Didáctica como ferramenta do proceso ensino-aprendizaxe.

A Programación Didáctica é unha ferramenta dinámica do proceso de ensino-aprendizaxe susceptible de ser corrixada ou enmendada no que respecta aos procedementos e metodoloxía coa fin de axustarse ás características concretas de cada situación educativa agás no que atinxe aos criterios de cualificación e recuperación que quedarán establecidos como se especifica no apartado correspondente.